

RECORDO DA CORENTENA

Hoxe imos facer o noso cadro para lembrar esta época histórica que estamos a vivir.

Non todo van ser cousas negativas, temos que tentar ver o lado positivo...

O máis positivo deste tempo no que todos e todas estamos en corentena é que estamos coas nosas familias na casa.

Cantas persoas están vivindo contigo na casa? ____.

Sexa cal sexa a resposta, poderás compartir con elas este fermoso cadro:

O primeiro que necesitamos son tantos folios coma persoas temos na nosa casa. O mellor é que sexan de cores distintas pero, se non tes, podes pintar antes folios brancos.



Tamén imos necesitar un lapis, tesoiras e un rotulador de cor negra (pode ser doutra cor) para perfilar os contornos.



En primeiro lugar, pedímoslle a un dos membros da familia que escolla unha cor e poña a man enriba do folio desa cor.



A continuación, trazamos o contorno da man cun lapis.



Lembra: poñer a man enriba dun folio e trazar o contorno da man con lapis.

Facemos o mesmo con todas as persoas da familia.

Unha vez rematado, perfilamos as mans con rotulador de cor negra.



Cando estean todas perfiladas, collemos as tesoiras e recortámolas (por fóra da cor negra).

Quedaravos así:



Agora só queda pegar as mans nun folio ou cartolina
branca ou negra.

Imos ver o resultado final:

Cando o mundo tivo que parar,
este foi o noso lugar favorito
no que estar...



CORENTENA 2020

Cando o mundo tivo que parar,
este foi o noso lugar favorito
no que estar...



CORENTENA 2020

Podes enmarcalo e decorar o teu lugar preferido da casa.

Do mesmo xeito, podes poñer con rotulador o nome de cada membro da familia no dedo polgar.

Non olvides sacar foto da túa obra de arte !

